




CARTAFOL DIDÁCTICO

CURSO 2026 - 2027



1 HORARIO E ENDEREZO

COLEXIOS

As visitas escolares son de balde e realízanse, según dispoñibilidade, os **venres** pola mañá en horario de apertura do centro, de **10:30 h. a 14:00 h.** Inclúen **visita guiada + actividade didáctica** a elixir (obradoiro, xincana ou xogos na palestra).

GRUPOS ORGANIZADOS


Os grupos organizados poderán reservar a súa actividade dentro do horario de apertura do centro (de 10:30 h. a 14:00 h. e de 16:30 h. a 20:00 h.) según dispoñibilidade.

PÚBLICO XERAL

As visitas guiadas para público xeral realízanse sábados e domingos ás 10:30 h., 12:30 h., 16:30 h. e 18:30 h; mentres que os obradoiros realízanse sábados e domingos ás 11:30h polas mañás e 17:30h. polas tardes.

Todas as actividades que oferta Caldoval son de balde.

RÚA CAMIÑO DO CEMITERIO, S/N, 15620,
MUGARDOS



2 VISITAS GUIADAS

Dispoñemos dun servizo didáctico de visitas comentadas, de aproximadamente **45 minutos**, orientadas a todo tipo de público:

- Escolas
- Grupos organizados e asociacións
- Público xeral e familias con crianzas




2x1

3 VISITA GUIADA + OBRADOIRO

Para aproveitar ao máximo a experiencia, recomendamos combinar **VISITA GUIADA + OBRADOIRO**.

É a opción máis completa, cunha duración aproximada de 2 horas, e que permite albergar a un número maior de xente nunha mesma xornada: ata 50 persoas. Así, mentres unha metade do grupo fai a visita guiada, a outra metade fai o obradoiro, e logo dunha pausa, intercambian a tarefa.





PINTURAS DE ROMA

Caldoval precisa de mans expertas para decorar as paredes dos seus baños romanos.

Neste obradoiro as crianzas máis novas descubrirán as técnicas e os motivos que usaban os romanos para crear unha espectacular e colorida obra pictórica.



ARTISTAS DOS MOSAICOS

A diferenza doutras villas romanas, Caldoval non dispón de mosaicos que decoren o chan das súas salas.

Neste obradoiro as crianzas coñecerán a técnica da musivaria e exemplos de mosaicos para realizar a súa minuciosa obra.



OURIVERÍA ROMANA

No mundo romano adornaban o corpo con colares, aneis e pulseiras, como é o caso da xoia de Noville (Mugardos).

Neste obradoiro reproduciremos con sinxelas ferramentas un anel en espiral como os das xentes do Imperio Romano.



ARS SCRIBENDI

En época romana, aínda non utilizaban o libro nin tiñan papel, pero hai cousas que fixeron que sí nos influenciaron.

Neste obradoiro aprenderás a arte da escritura en latín, as técnicas e materiais para escribir coma un/unha auténtico/a romano/a.



UN DÍA NA PALESTRA

Nos días de sol, os romanos saían á palestra, o ximnasio ao aire libre, para realizar exercicio físico e fortalecer o corpo.

En Caldoval seguimos os seus pasos e saímos ao exterior do museo para practicar algúns dos seus destacados xogos: Ala delta, aro, tres en raia, loita, salto de lonxitude, trigón...



XOGOS DE MESA

Ás persoas do pasado tamén lles gustaba pasalo ben en compañía, e en Caldoval atopáronse fichas de xogos de mesa.

Neste obradoiro coñecerás a variedade de *ludi* que había na Antiga Roma e fabricarás un taboleiro e fichas de xogo.



6

TÁBOA DE OBRADOIROS E IDADES

OBRADOIROS	TODOS OS CURSOS	INFANTIL	PRIMARIA						ESO e BACH.			
			1º	2º	3º	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º
PINTORES DE ROMA		✓	✓	✓								
ARTISTAS DOS MOSAICOS		✓	✓	✓	✓	✓	✓					
OURIVERÍA ROMANA							✓	✓	✓	✓	✓	✓
UN DÍA NA PALESTRA	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
ARS SCRIBENDI					✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
XOGOS DE MESA							✓	✓	✓	✓	✓	✓


7

XOGO DE PISTAS

Esta xincana resulta ideal para a realización en familia ou en pequenos grupos dentro da visita escolar, a partir dos 8 anos aproximadamente.



Ao longo das instalacións atópanse agochadas diversas pistas, cada unha delas cunha pregunta e un novo enigma para resolver que vos levarán a superar a xincana e coñecer máis aspectos do xacemento romano de Caldoval.



8

RESERVA DE ACTIVIDADES

DE BALDE
GRATUITO

Cómo facer unha reserva?

- No teléfono **687 072 116** (en horario de apertura)
- Escribindo a **info@museocaldoval.gal**

Para a formalización da reserva precisamos os seguintes datos:



Nome do cole ou grupo



Idade dos participantes



Data e hora da visita



Actividades escollidas



Número de asistentes



Persoa e tlf. de contacto



9

CONTACTO E REDES SOCIAIS



PÁXINA WEB: www.museocaldoval.gal



TELÉFONO: 687 072 116



CORREO: info@museocaldoval.gal



INSTAGRAM

@museocaldoval



FACEBOOK

@caldoval

Etiquétanos
na túa visita!